



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Facultade de Ciencias da Saúde**

**Grao en Terapia Ocupacional**

Curso Académico 2019/2020

Traballo de Fin de Grao

**Análise da situación de saúde laboral e calidade  
de vida das mulleres traballadoras en  
conserveiras da comarca do Barbanza: Que pode  
aportar a Terapia Ocupacional?**

**Nerea Teira Bustelo**

**Setembro 2020**

**Directoras:**

**Thais Pousada García.** Terapeuta Ocupacional. Profesora Contratada Doctora do Grao en Terapia Ocupacional da Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade da Coruña. Grupo de Investigación TALIONS.

**Rebeca Montes Montes.** Terapeuta Ocupacional en Centro Ocupacional Pascual Veiga.

Índice:

1. Antecedentes e estado actual do tema: .....	8
1.1. As ocupacións na industria conserveira: .....	8
1.2. A comarca do Barbanza: .....	10
1.3. Mulleres conserveiras:.....	11
1.4. Terapia Ocupacional e xénero.....	13
1.5. Calidade de vida, fatiga laboral e terapia ocupacional.....	14
1.6. Xustificación do proxecto: .....	17
2. Bibliografía máis relevante:.....	18
3. Hipótese:.....	20
4. Obxectivos:.....	20
4.1. Obxectivo Xeral: .....	20
4.2.Obxectivos específicos: .....	20
5. Metodoloxía: .....	20
5.1. Tipo e deseño do estudo: .....	20
5.2. Ámbito de estudo: .....	21
5.3. Período do Estudo: .....	21
5.4. Entrada ao campo:.....	21
5.5. Selección da mostra: .....	22
5.6. Xustificación do tamaño mostral:.....	22
5.7. Variables e medicións:.....	23
5.8. Análise dos resultados:.....	25
5.9. Posición da investigadora: .....	26
5.10. Rigor metodolóxico: .....	26
5.11. Aplicabilidade do estudo: .....	27

6. Plan de Traballo:.....	28
7. Aspectos éticos:.....	29
8. Plan de difusión dos resultados:.....	29
8.1. Revistas: .....	29
8.2. Congresos:.....	30
9. Financiación da investigación:.....	31
9.1. Recursos necesarios: .....	31
9.2. Fontes de financiación:.....	32
10. Bibliografía:.....	33
11. Anexos:.....	39
11.1. Anexo I: Estratexia de Búsqueda Bibliográfica .....	39
11.2. Anexo II: Folla de Información.....	40
11.3. Anexo III: Consentimento Informado.....	44
11.4. Anexo IV: Documento Ad-Hoc para a recollida os datos Sociodemográficos:.....	45
11.5. Anexo V: Guión da Entrevista.....	46
11.6. Anexo VI: Pre-Test.....	48

## **Resumo**

**Título:** Análise da situación de saúde laboral e calidade de vida das mulleres traballadoras en conserveiras da comarca do Barbanza: Que pode aportar a Terapia Ocupacional?

**Introdución:** O sector conserveiro representa na Comarca do Barbanza unha das principais fontes de traballo, empregando a gran parte da poboación feminina desta zona e doutras colídates. A pesar da relevancia do sector tanto a nivel nacional como internacional, a evidencia científica sobre a saúde laboral e a calidade de vida das mulleres traballadoras en conserveiras é escasa. Por este motivo, considérase necesario realizar unha aproximación sobre esta temática, valorando a presenza da Terapia Ocupacional no ámbito da fabricación de conservas.

**Obxectivo:** Precisar e coñecer a calidade de vida relacionada coa saúde das mulleres traballadoras nas industrias conserveiras do Barbanza, así como aqueles factores do traballo que impactan no desempeño ocupacional das mesmas.

**Metodoloxía:** Proxecto de investigación de metodoloxía mixta. Na modalidade cuantitativa empregárase un estudo descritivo transversal a través do Cuestionario SF-36, o Cuestionario para a Análise da Fatiga Laboral, Mental e Psíquica (SOFI-SM) e a Escala de Puntuación WEIS. En canto á vertente cualitativa, aplicárase un enfoque fenomenolóxico mediante a realización de entrevistas semi-estruturadas.

**Palabras Chave:** Traballo; conserveira; muller; calidade de vida; fatiga laboral; Terapia Ocupacional.

**Tipo de Traballo:** Proxecto de investigación.

## **Resumen**

**Título:** Análisis de la situación de salud laboral y calidad de vida de las mujeres trabajadoras en conserveras de la comarca del Barbanza: ¿Qué puede aportar la Terapia Ocupacional?

**Introducción:** El sector conservero representa en la Comarca del Barbanza una de las principales fuentes de trabajo, empleando a gran parte de la población femenina de esta zona y de otras colindantes. A pesar de la relevancia del sector tanto a nivel nacional como internacional, la evidencia científica sobre la salud laboral y la calidad de vida de las mujeres trabajadoras en conserveras, es escasa. Por este motivo, se considera necesario realizar una aproximación sobre esta temática, valorando la presencia da Terapia Ocupacional en el ámbito de la fabricación de conservas.

**Objetivo:** Precisar y conocer la calidad de vida relacionada con la salud de las mujeres trabajadoras en las industrias conserveras del Barbanza, así como aquellos factores del trabajo que impactan en el desempeño ocupacional de las mismas.

**Metodología:** Proyecto de investigación de metodología mixta. En la modalidad cuantitativa se empleará un estudio descriptivo transversal a través del Cuestionario SF-36, el Cuestionario para el Análisis de la Fatiga Laboral, Mental y Psíquica (SOFI-SM) y la Escala de Puntuación WEIS. En cuanto a la vertiente cualitativa, se aplicará un enfoque fenomenológico mediante la realización de entrevistas semi-estructuradas.

**Palabras Chave:** Trabajo; conservera; mujer; calidad de vida; fatiga laboral; Terapia Ocupacional.

**Tipo de Trabajo:** Proyecto de investigación.

## **Abstract**

**Title:** Analysis of the occupational health situation and quality of life of working women in canneries in the Barbanza region: What can Occupational Therapy help?

**Introduction:** The canning sector represents one of the main sources of work in the Barbanza region, employing a large part of the female population in this area and other neighbouring areas. Despite the relevance of the sector both nationally and internationally, scientific evidence on occupational health and quality of life of women working in canneries is scarce. Because of this, it is considered necessary to carry out an approach on this issue, assessing the presence of Occupational Therapy in the field of canning.

**Goal:** Specify and know the quality of life related to the health of women in the canning industries in the Barbanza region, as well as those work factors that have an impact in their performance.

**Methodology:** Mixed methodology research project. In the quantitative modality, a descriptive cross-sectional study will be used through the SF-36 Questionnaire, the Questionnaire for the Analysis of Labour, Mental and Psychic Fatigue (SOFI-SM) and the WEIS Score Scale. Regarding the qualitative aspect, a phenomenological approach will be applied through semi-structured interviews.

**Keywords:** Work; canning; woman; quality of life; work-related fatigue; Occupational Therapy.

**Type of Work:** Research project.

## 1. Antecedentes e estado actual do tema:

### 1.1. As ocupacións na industria conserveira:

A historia da industria conserveira remóntase a comezos do século XIX, cando Nicolás Appert, un investigador francés, introduciu un sistema para a conservación de alimentos baseado no almacenamento en envases de vidro pechados hermeticamente, trala aplicación de calor. Anos despois, Peter Durand, redeseñou os recipientes empregados para esta función, creando así a lata de conserva tal e como se coñece hoxe en día (1).

Ata aquel momento, en Galicia, os métodos de conservación de produtos do mar baseábanse na salgadura e no afumado. A creación da primeira fábrica de peixe na comunidade autónoma data de 1840 e tan só unha década despois, durante os anos 50, déronse as circunstancias óptimas para o seu desenvolvemento, constituíndo a época dourada das conserveiras (1,2).

Xeograficamente, Galicia conta cunha ampla zona costeira, limitando co Océano Atlántico polo oeste e o norte. Dita localización confírelle unha ampla riqueza en canto á variedade de derivados do mar, fomentando o éxito das actividades relacionadas co mar (3).

Tradicionalmente, nas zonas de costa, a figura do home asóciase coas actividades de pesca. Estes, no pasado e aínda na actualidade, permanecían longos períodos fóra da casa, vendo reducido o seu desempeño ocupacional ás actividades que se levaban a cabo no barco. Así, o rol das mulleres no día a día víase limitado a actividades desempeñadas en terra como o de traballadora, nai ou administradora do fogar; aínda que esta situación está permutando na actualidade. Ademais, existe unha feminización parcial das actividades en terra relacionadas co sector mariñeiro, as cales se reducían a uns cantos meses ao ano, como é o exemplo das traballadoras conserveiras ou das mariscadoras (2,4).

A industria conserveira clasifícase economicamente dentro do sector secundario, pertencendo á industria manufactureira. Tal e como se define no apartado 10.22, sección C, da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 2019), comprende as seguintes actividades:



*Análise da situación de saúde laboral e calidade de vida das mulleres traballadoras en conserveiras da comarca do Barbanza: Que pode aportar a Terapia Ocupacional?*

*“A conservación de peixes, crustáceos, moluscos, algas mariñas e outros recursos mariños: secado, salgadura, conservación en salmoira, enlatados, afumado, etc.*

*Produción de produtos derivados de peixe, crustáceos, moluscos, algas mariñas e outros recursos mariños: filetes de peixe, ovas, caviar, sucedáneos de caviar, etc.*

*A produción de produtos a base de peixe para o consumo humano ou a alimentación animal.*

*A produción de comidas e produtos solubles a partir de peixe e outros animais acuáticos non aptos para o consumo humano.*

*A elaboración de fariñas de peixe (5).”*

Na actualidade, España representa a principal produción de conservas na Unión Europea e sitúase dentro dos 5 primeiros exportadores a nivel mundial. Dun total de 145 fábricas de conservas que se estenden dentro territorio español, 60 sitúanse en Galicia, supoñendo unha cifra superior ao 86% da produción de produtos derivados de peixe e marisco a nivel nacional (6,7).

Galicia conforma a comunidade autónoma con maior relevancia nesta industria. A nivel provincial, destacan A Coruña e Pontevedra en canto á exportación de alimentos do mar, sendo a primeira, a rexión líder en canto á exportación de conservas e outros preparados (60% do total) (6).

Para acadar estes niveis de relevancia a nivel estatal e internacional, é necesaria a produción de conservas en cadea, de xeito que cada grupo de traballadoras desempeña unha función específica: limpeza, baleirado, preparado, enlatado ou control da maquinaria, entre outras (2).

## 1.2. A comarca do Barbanza:

O Barbanza é unha comarca galega pertencente á provincia de A Coruña que se sitúa ao sur desta e ao norte da Ría de Arousa. Está composta polos municipios de Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo, que en conxunto abarcan unha extensión total de 246,7 km<sup>2</sup>, sendo a quinta comarca máis pequena de Galicia (8).

A poboación total da comarca no ano 2019 foi de 66.095 habitantes, sendo o concello con maior poboación Ribeira, con 26.886 persoas. Pola contra, A Pobra do Caramiñal é a municipalidade con menor poboación, posto que conta con 9.338 persoas vivindo ao longo da súa extensión (9).

Nese mesmo ano, a idade media da poboación situouse en torno aos 45,48 anos, sendo menor que a do total de Galicia, 47,24 anos. A pesares desta pequena diferenza entre ambas idades, os habitantes barbanzanos, ao igual que en toda Galicia, atópanse nun proceso de envellecemento e unha baixa natalidade (8,9).

Segundo a idade e o sexo, hai un leve predominio do sexo feminino, 33.697 persoas, con respecto ás 32.398 do sexo masculino. Esta diferenza é máis significativa a partir dos 70 anos de idade en adiante (9).

En canto ao emprego, a xuño de 2020, o sector servizos representa o 50% da poboación activa, seguido polo sector da industria, no que traballa o 23,6%. Na comarca, este último sector constitúe un dos pilares básicos da economía, situándose como principal líder a industria conserveira (8,9).

A tradición conserveira de Galicia dende a época da salgadura, tivo un forte impacto no Barbanza, dada a alta disposición de materia prima que lle aporta a súa localización xeográfica e a súa proximidade á costa. Deste xeito, a comarca caracterízase pola presenza de empresas conserveiras de peixe e marisco, moitas delas con gran recoñecemento a nivel nacional, o que lle outorga un alto grao de especificidade e desenvolvemento dentro deste sector. Así, esta rexión produce o 80% das conservas en España, situándose como zona líder de Galicia neste ámbito. Sen embargo, non se coñece o número total de empregos que xera a industria da comarca (2,8,10).

Ademais disto, a industria tamén supón un nexo cos municipios lindantes, xa que son moitas as persoas que se desprazan ao Barbanza con motivo da actividade laboral (8).

### 1.3. Mulleres conserveiras:

As actividades relacionadas coa pesca e a transformación da pesca son básicas para a economía e o traballo nas zonas de costa e localidades limítrofes. Desta forma, a figura do home viuse ligada historicamente ao sector da pesca, mentres que a muller encargábase da preparación dos produtos que este traía en terra (11).

Esta división segundo xéneros do traballo, potenciou en gran medida a incorporación da muller ao mundo laboral de xeito regulado, levando a cabo tarefas vinculadas ao ámbito doméstico maioritariamente. Dita situación vese retratada no sector conserveiro, no cal a man de obra atópase a cargo das mulleres dende o comezo da industria, dando lugar ao concepto de *mulleres conserveiras* ou, simplemente, *conserveiras* (12,13).

Outros factores como a insuficiencia dos ingresos aportados polos homes, os baixos salarios das mulleres en comparación cos dos homes e a dificultade para o acceso a estudos superiores impulsaron a feminización neste sector (11).

Na actualidade, o 70% do persoal contratado está constituído por mulleres, cunha idade media de 45 anos. Nembargantes, a presenza do sexo feminino diminúe a medida que se ascende na xerarquía das empresas conserveiras, de xeito que só un 17,4% dos postos directivos están ao cargo de mulleres (5,12).

Tal e como se describiu anteriormente, a día de hoxe, nas conserveiras persiste unha segregación, tanto horizontal como vertical, do traballo segundo sexo, a cal parte dos estereotipos de xénero. Así, as persoas do sexo masculino atópanse principalmente daquelas tarefas que requiren un maior esforzo físico e intelectual, como postos no almacén, mantemento das máquinas, ou altos cargos (12).

Pola contra, as mulleres quedan relegadas á realización de actividades manuais que gardan unha estreita relación co ámbito doméstico como por exemplo a limpeza ou a preparación do peixe. Traballos que continúan sen contar con recoñecemento social, debido ós estereotipos e roles de xénero (2,4).

Engadido a isto, existen sindicatos obreiros que denuncian a brecha de xénero existente en algunhas empresas conserveiras. Esta exprésase pola diferenza de retribución entre homes e mulleres que ocupan un mesmo cargo pero que sen embargo, se atopan en diferentes categorías laborais (15).

Ademais, a pesar de que predomina a contratación fixa, seguida da fixa-descontinua, dende os sindicatos denúnciase o alto número de contratos temporais. Tal e como se recolle no Convenio Colectivo do Sector de Conservas, Semiconservas e Salgadura de Peixe e Marisco, dentro do BOE núm. 21 de 2017, as diferenzas entre o contrato indefinido e o fixo-descontinuo son as seguintes (11,16):

*“Persoal fixo:*

- *De carácter continuo: que é aquel que se precisa de modo permanente para realizar o traballo esixido pola explotación normal da industria e que, contratado por tempo indefinido, presta os seus servizos de modo estable e continuado, en fábrica, taller ou dependencia da empresa, aínda cando circunstancialmente non se efectúe traballo da súa categoría, ocupándose noutras funcións análogas correspondentes ao grupo profesional ao que pertence.”*
- *Contratación fixa-descontinua: é aquel que habitualmente é chamado para a realización das faenas propias da empresa pero que actúa intermitentemente en razón á falta e regularidade no traballo da industria conserveira (16).”*

Unha característica importante da contratación fixa-descontinua é que a pesares de que o traballo é intermitente, non existe despido laboral, producindo que as mulleres con este tipo de contrato experimenten unha situación de inestabilidade produtiva e económica (2).

Simultaneamente a estas condicións características do sector conserveiro, que son produto das desigualdades e iniquidades de xénero no

ámbito laboral, as mulleres viven no seu día a día outras formas de discriminación. Así, a pesares de que moitas mulleres contan con traballo, continúan sendo as encargadas principais do ámbito doméstico e familiar, sendo necesaria a conciliación de ambos. Os horarios laborais preséntanse como unha das principais barreiras para esta tarefa (4,13).

Este escenario é contraproducente e prexudicial para a incorporación total e igualitaria da muller no mercado laboral, xa que en moitas empresas a conciliación concíbese de maneira negativa (13).

Neste sentido, a conciliación tamén ten un forte impacto sobre a calidade de vida e a saúde, xa que afecta á relación coa contorna e contexto, por exemplo na relación cos fillos, e supón unha situación de inxustiza ocupacional (4,13).

A pesar destas dificultades que as mulleres conserveiras presentan na vida diaria e no ámbito laboral, a súa incorporación ao mundo profesional supuxo importantes beneficios en termos de autonomía, independencia e realización persoal (2).

Dado que para a fabricación de conservas existe a necesidade de realizar o traballo en equipo, as mulleres traballadoras experimentan un impacto positivo no seu contexto social, creando vínculos entre elas, e formando unha identidade colectiva que se ve reflectida no apoio mutuo e solidariedade (2).

#### 1.4. Terapia Ocupacional e xénero

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define o xénero como:

*“Os conceptos sociais das funcións, comportamentos, actividades e atributos que cada sociedade considera apropiados para os homes e as mulleres (17).”*

As diferencias de xénero, en gran parte das sociedades, xeran desigualdades e iniquidades que afectan en múltiples esferas da vida diaria (17).

Por este motivo, a OMS estableceu no ano 2005 a Comisión de Determinantes Sociais de Saúde, dentro dos cales se recolle o xénero. Estes refírense ás diferentes condicións de vida que xeran iniquidades na saúde das persoas (18).

Así mesmo, o xénero impacta directamente nos Obxectivos e Metas de Desenvolvemento Sostible aprobados en 2015 pola ONU, e máis concretamente específica cos seguintes (19,20):

*“Obxectivo 3: saúde e benestar.*

*Obxectivo 5: igualdade de xénero.*

*Obxectivo 10: redución das desigualdades (20).”*

A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT) define a Terapia Ocupacional como *“unha profesión que se ocupa da promoción de saúde e o benestar a través da ocupación”*, polo cal o principal obxectivo da profesión basease en fomentar a autonomía e a independencia das persoas na súa vida diaria. Para acadalo, as terapeutas poden fomentar a capacidade das persoas para realizar as ocupacións, proporcionando as ferramentas que sexan necesarias, ou poden traballar sobre o entorno e as barreiras que este presente (21).

Actualmente, o foco da Terapia Ocupacional céntrase maioritariamente en cuestións relacionadas coa saúde. Sen embargo, seguindo un paradigma social, existen aspectos relevantes do contexto social e político que afectan significativamente nas ocupacións das persoas, e as condicionan. Neste punto, é importante que dende a disciplina se aborden os determinantes sociais, diminuindo o seu impacto sobre o benestar e a saúde das persoas, e evitando situacións de inxustizas ocupacionais e de exclusión social (21,22).

Relacionando a Terapia Ocupacional co xénero, as mulleres a miúdo ven limitada a participación ocupacional debido ás desigualdades presentes na súa vida diaria. Isto tradúcese nunha diminución da participación en actividades significativas, factor estreitamente ligado co desequilibrio ocupacional producido polo exceso de compromisos relacionados cos roles, e pola necesidade de conciliación entre a vida familiar e a laboral (4,21).

### 1.5. Calidade de vida, fatiga laboral e terapia ocupacional

Por unha parte, a calidade de vida é definida por Elisabeth Gómez Mengelberg, no artigo *“Un Recorrido Histórico do Concepto de Saúde e Calidade de Vida a Través dos Documentos da OMS”*, como:

*“A percepción que teñen as persoas de que as súas necesidades están sendo satisfeitas, ou ben se lles están negando oportunidades de acadar a felicidade e a autorrealización con independencia do seu estado de saúde, ou das condicións sociais económicas” (23).*

Este concepto ten unha gran relevancia no que a promoción e coidado da saúde se refire, e nel interfiren multiplicidade de factores que abarcan dende a saúde física ata as características do entorno. Un dos principais obxectivos da terapia ocupacional reside en mellorar a calidade de vida das persoas (23).

Por outra parte, o traballo constitúe unha das principais ocupacións durante a idade adulta, característica que o sitúa dentro da práctica de Terapia Ocupacional para a promoción das actividades vinculadas á área produtiva (24).

Segundo o modelo empregado para guiar a práctica de Terapia Ocupacional, a nomenclatura desta área de desempeño varía. Deste xeito, no Modelo de Ocupación Humana (MOHO), é denominado como produtividade, mentres que no Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional e no Marco de Traballo para a Práctica de Terapia Ocupacional: Dominio e Proceso, desígnano como traballo, nomenclatura que se utilizará ao longo deste documento (25–27).

Por outra parte, a ocupación e a saúde están ligadas directamente, de maneira que o traballo contribúe ao benestar das persoas.

Así mesmo, na Declaración Universal dos Dereitos Humanos elaborada pola Organización das Nacións Unidas (ONU), recolle no Artigo 23 o dereito ao traballo de tódalas persoas, sen diferencias en canto ás condicións e ao salario deste (28).

Este punto é primordial para a abordaxe do traballo dende Terapia Ocupacional posto que dende a WFOT emitíuse unha Declaración de Posicionamento sobre os Dereitos Humanos. Nesta reflíctese a importancia e a obrigaón da abordaxe dos Dereitos Humanos para acadar a xustiza ocupacional, a cal definen como *“o dereito que teñen todas as persoas para participar en ocupacións significativas que contribúan ao benestar biopsicosocial (29).”*

Nembargantes, existen factores que limitan o desempeño ocupacional e que teñen un impacto negativo na calidade de vida e benestar das persoas. Neste aspecto, a fatiga laboral supón unha condición negativa á hora de desenvolver actividades laborais (30).

Existen diferentes ferramentas para medir o nivel de fatiga laboral. Un exemplo disto é o Swedish Occupational Fatigue Inventory (SOFI-SM), no cal se manifesta a dificultade para definir a fatiga laboral. Sen embargo, englóbaa dentro dun proceso subxectivo que xorde como un mecanismo protector ante o estrés producido pola carga laboral (30).

O concepto de carga laboral refírese a un desequilibrio entre as exixencias dun determinado traballo e aos recursos do traballador para realizalo. Defínense como causas de carga laboral os seguintes aspectos (30):

*“Cantidade de traballo, horario, ritmo, relacións, contorna física, problemas persoais e outros (posturas de traballo, hábitos alimenticios ou nivel intelectual (30).”*

A fatiga laboral supón un factor de risco para a calidade de vida e o benestar das persoas traballadoras. Así, o estudo Job Characteristics and musculoskeletal pain among shift workers of a poultry processing plant in Southern Brazil, amosa a asociación entre a contorna física do traballo, como son temperaturas extremas, e dor musculoesquelética nunha empresa de procesamento de alimentos (31).

Este dato concorda cos datos aportados nunha xornada sobre prevención de riscos laborais na industria conserveira, que amosaban a relación entre os traballos laborais e a importancia dos accidentes musculoesqueléticos (32).

Esta relación tamén se presenta no estudo Hearing impairment Among Noise-Exposed Workers- United States, 2003-2012, o cal estudou a prevalencia da perda auditiva no sector industrial. Neste preséntase a perda de anos de saúde debido á exposición a rúidos. Así mesmo, expón que a industria manufacturera é o 3º sector con maior risco de perda auditiva (33).

Ademais, tal e como se expuxo no apartado de Terapia Ocupacional e Xénero, o impacto sobre a calidade de vida, resultante da conciliación laboral e



o ámbito familiar, é maior no caso das mulleres. Isto é debido ao desequilibrio ocupacional e á privación de actividades significativas ás que se ven sometidas (4,21).

Así mesmo, é importante puntualizar que dende a Organización Internacional do Traballo (OIT), afirman unha mellora das condicións de traballo no sector da alimentación nos últimos anos. Sen embargo, séguense presentando retos para mellorar o estado de saúde e a calidade de vida dos empregados, ámbito no que a Terapia Ocupacional é efectiva (34,35).

En definitiva, considerase necesario coñecer a calidade de vida das mulleres traballadoras en conserveiras. Deste xeito poderase promocionar unha mellora na súa calidade de vida e saúde laboral, identificando aqueles elementos da contorna laboral que estean causando equilibrios, co obxectivo de propoñer alternativas de mellora dende Terapia Ocupacional neste ámbito.

#### 1.6. Xustificación do proxecto:

Trala realización da busca bibliográfica (Anexo I) e a posterior revisión dos artigos atopados, mostrouse unha escasa evidencia científica en canto á calidade de vida das mulleres que traballan na industria conserveira.

Galicia é a comunidade autónoma líder, tanto a nivel estatal como europeo, na exportación de conservas. Dentro desta, o Barbanza destaca por ser a comarca coa maior produción, predominando o traballo feminino.

Dados os retos cos que se atopan as mulleres na vida diaria como a conciliación e desigualdades no ámbito laboral, e posto que o xénero se atopa dentro dos determinantes sociais de saúde; cobra grande importancia coñecer e analizar a saúde laboral e a calidade de vida das mulleres traballadoras nas empresas conserveiras da comarca.

Engadido a isto, a Terapia Ocupacional busca previr a enfermidade e promover e manter a saúde a través da ocupación. O traballo representa unha das principais ocupacións na idade adulta, sen embargo, dentro dos equipos de prevención de riscos laborais non se contempla a figura das Terapeutas Ocupacionais.

Co fin de dar visibilidade e voz ás mulleres traballadoras no sector conserveiro da comarca do Barbanza, así como para contribuír ao desenvolvemento da disciplina dentro deste ámbito, propónse este proxecto de investigación.

## 2. Bibliografía máis relevante:

Para a realización da busca bibliográfica, consultáronse as bases de datos: Scopus, Web of Science (WOS), Pubmed Central (PMC) e Cinahl.

Para isto, formulouse a seguinte pregunta PICO:

Paciente	Intervención	Resultado
Mulleres traballadoras en empresas conserveiras	Examinar os riscos laborais	Determinar a calidade de vida e a saúde ocupacional

**Como inflúen os riscos laborais na calidade de vida e saúde ocupacional das mulleres traballadoras en empresas conserveiras?**

Maneiro ET. «A conserva»: condicións sociolaborais e construción de identidade dos traballadores das industrias conserveiras na Comarca da Barbanza [Internet]. Repositorio institucional da UDC. 2017 [citado 26 de agosto de 2020] Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/2183/22274>.

Domínguez JS. Perspectiva de xénero no desempeño ocupacional das mulleres redeiras [Internet]. Repositorio institucional da UDC. 2018 [citado 26 de agosto de 2020] Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/2183/20853>.

Domínguez JS. Perspectiva de xénero no desempeño ocupacional das mulleres redeiras [Internet]. Repositorio institucional da UDC. 2018 [citado 26 de agosto de 2020] Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/2183/20853>.

Vidal MR. Teorías del Desarrollo Regional y Local [Internet]. Repositorio institucional da UDC. 2017 [citado 26 de agosto de 2020] Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/2183/19764>

IGE. Instituto Galego de Estatística [Internet]. [citado 26 de agosto de 2020]. Dispoñible en: <https://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>

González AP. Conciliación Familiar Y Desigualdad De Género [Internet]. Repositorio institucional da UDC. 23/10/2015 [citado 26 de agosto de 2020] Disponible en: <http://hdl.handle.net/2183/15414>.

Algado SS. Una Terapia Ocupacional Desde Un Paradigma Crítico. TOG (A Coruña) [Revista en Internet]. 2015 [citado 28 de agosto de 2020]; monog. 7: [25-40]. Disponible en: <http://www.revistatog.com/mono/num7/critico.pdf>

Cárdenas S et al. SOFI-SM: Cuestionario Para El Análisis De La Fatiga Laboral Física, Mental Y Psíquica. 2008 [citado 29 de agosto de 2020]. Disponible en: <http://rabida.uhu.es/dspace/bitstream/handle/10272/3420/b15756543.pdf?sequence=1>

Barro D et al. Job Characteristics And Musculoskeletal Pain Among Shift Workers Of A Poultry Processing Plant In Southern Brazil. Journal of Occupational Health [Internet]. 09/2015 [citado 29 de agosto de 2020];57(5):448-56. Disponible en: <https://onlinelibrary.wiley.com/doi/abs/10.1539/joh.14-0201-OA>

ANFACO-CECOPECA. Jornada Técnica sobre Prevención de Riesgos Laborales en la Industria Conservera. Revista Industria Conservera [Internet]. 2018 [citado 29 de agosto de 2020]; (122) Disponible en: [https://issuu.com/anfacocopesca/docs/conservera\\_122](https://issuu.com/anfacocopesca/docs/conservera_122)

### 3. Hipótese:

En canto á calidade de vida relacionada coa saúde das mulleres conserveiras no Barbanza:

- Hipótese nula (Ho): As mulleres traballadoras na industria conserveira do Barbanza teñen un nivel de calidade de vida relacionada coa saúde similar ao da poboación xeral.
- Hipótese alternativa ou de investigación (Hi): As mulleres traballadoras na industria conserveira do Barbanza teñen un baixo nivel de calidade de vida relacionada coa saúde.

### 4. Obxectivos:

#### 4.1. Obxectivo Xeral:

O **principal obxectivo** deste proxecto de investigación é determinar a calidade de vida relacionada coa saúde das mulleres traballadoras nas industrias conserveiras do Barbanza.

#### 4.2. Obxectivos específicos:

- Identificar e examinar a fatiga laboral e as súas causas, presentes no lugar de traballo.
- Examinar os efectos da fatiga laboral sobre o desempeño laboral e na vida diaria das traballadoras.
- Determinar a asociación entre calidade de vida e fatiga laboral.
- Determinar a asociación entre calidade de vida e as condicións sociodemográficas.
- Establecer alternativas de intervención dende terapia ocupacional para promover unha maior calidade de vida das traballadoras en empresas conserveiras.

### 5. Metodoloxía:

#### 5.1. Tipo e deseño do estudo:

Este proxecto de investigación basearase na metodoloxía mixta , combinando a perspectiva cuantitativa e a cualitativa, posto que ofrece unha visión máis ampla sobre o ámbito de estudo:

- Dentro da investigación cuantitativa expónse un estudo transversal, observacional, descritivo e correlacional. Esta metodoloxía permite que a investigadora recolla datos medibles nun momento determinado, para poder analizar as variables a estudar e a correlación existente entre elas (36).
- En canto á metodoloxía cualitativa, enfoque será de tipo fenomenolóxico. A investigadora realizará entrevistas individuais e semi-estruturadas para coñecer os significados e as experiencias de vida das traballadoras nas empresas conserveiras do Barbanza (36).

### 5.2. Ámbito de estudo:

O estudo realizarase nas diferentes empresas conserveiras que se atopan na comarca do Barbanza, pertencente á Comunidade Autónoma de Galicia. Dita comarca está formada polos concellos de Ribeira, a Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo.

Entenderase por industria conserveira toda aquela que leve a cabo as actividades descritas no apartado 10.22 da sección C da CNAE 2019 (5).

### 5.3. Período do Estudo:

O estudo levarase a cabo no período comprendido entre xullo de 2020 e xuño de 2021.

### 5.4. Entrada ao campo:

Primeiramente, presentarase o proxecto ao “*Comité de Ética da Investigación e da Docencia da UDC*”, para a súa avaliación (37).

Aceptada a proposta, escribirase unha carta de presentación solicitando permiso para a realización do estudo e a entrada ao campo. Nesta plasmaranse os datos da investigadora e o seu propósito de realizar unha investigación. Así mesmo, especificaranse os obxectivos do estudo, así como as ferramentas que se utilizarán para a obtención dos datos, o modo de distribución destas e as vantaxes que o estudo pode ter para a industria. A carta presentarase de maneira oficial nas oficinas de cada unha das empresas conserveiras da comarca do Barbanza.

A continuación, a investigadora poñeráse en contacto co equipo de recursos humanos (RRHH) das empresas, co obxectivo de verificar a autorización para entrar ao ambiente.

Tras verificar a colaboración das empresas no estudo, será o RRHH quen informará e distribuirá a documentación en formato físico ás traballadoras que cumpran os criterios de inclusión. Dita documentación estaría composta por: folla de información para as participantes (Anexo II) e o consentimento informado (Anexo III). Tamén se entregarán tanto en formato papel como vía online, os cuestionarios empregados para medir as variables do estudo e o documento Ad-Hoc (Anexo IV) no que se recollerán as variables sociodemográficas.

Unha vez que as traballadoras cumprimenten o documento, o RRHH recollerá aqueles que sexan en formato físico e entregarállelos á investigadora.

Posteriormente, a investigadora procederá a realizar entrevistas individuais e fóra da contorna laboral a aquelas mulleres que estean interesadas.

#### 5.5. Selección da mostra:

As mulleres que participen no estudo as mulleres deberán cumprir os seguintes criterios:

Táboa 1: Criterios de Selección da Mostra

<b>Criterios de inclusión</b>	<b>Criterios de exclusión</b>
Traballar nunha empresa conserveira da comarca de O Barbanza	Atoparse nunha situación de baixa laboral
Levar traballando na empresa un período de 6 meses como mínimo	Ter un contrato temporal ou un contrato por substitución

#### 5.6. Xustificación do tamaño mostral:

Para o cálculo do tamaño mostral necesario para a metodoloxía cuantitativa, tomouse como referencia un artigo previo, con unha mostra similar á deste proxecto, no que se indican a media e a desviación estándar (38).

Tendo este dato como referencia, establecendo unha seguridade do 95% ( $\alpha=0.05$ ), e cunha precisión de  $\pm 5\%$ , estímase que o tamaño mostral sería de 86

persoas, asumindo unha porcentaxe de participación do 85%, tal e como se amosa na Táboa 2.

Táboa 2: Diferentes tamaños mostrais con unha seguridade do 95%

<b>Seguridade</b>	<b>Precisión</b>	<b>Varianza</b>	<b>N</b>	<b>N tras 15% de perdas</b>
( $\alpha=0.05$ )	2	373,36	456	537
( $\alpha=0.05$ )	3	373,36	203	239
( $\alpha=0.05$ )	4	373,36	114	134
( $\alpha=0.05$ )	5	373,36	73	86

En canto á parte cualitativa, empregárase a mostraxe por bóla de neve, de maneira que as participantes iniciais reúnan a outras compañeiras para a realización das entrevistas voluntariamente.

#### 5.7. Variables e medicións:

De cada unha das traballadoras recollerase información referente a:

- Variables sociodemográficas:
  - o Numéricas:
    - Idade: anos.
    - Nº de fillos (en caso de telos).
    - Tempo traballado na empresa: en anos e meses.
  - o Categóricas:
    - Nacionalidade.
    - Lugar de residencia.
    - Estado civil: solteira / casada / viúva / separada / outro.
    - Persoas que forman parte da unidade familiar: soa / en parella / coa familia / outro.
    - Nivel educativo acadado.
- Calidade de vida relacionada coa saúde.
- Fatiga laboral.
- Impacto do traballo na vida diaria.

En canto á recolección e medición dos datos empregáranse diferentes técnicas segundo o tipo de enfoque:

- Enfoque cuantitativo: proporcionaráselles ás participantes diferentes cuestionarios e ferramentas. Posteriormente, realizarase un análise descritivo mediante o software estatístico IBM SPSS V.20 xunto co programa EPIDAT 3.1, ambos coa versión para Windows.
  - **Cuestionario SF-36 (Versión 2):** esta ferramenta mide a calidade de vida relacionada coa saúde, segundo a percepción da persoa. Conta con 36 ítems a través dos que se valoran os seguintes conceptos de saúde: *“función física, rol físico, dor corporal, saúde xeral, vitalidade, función social, rol emocional, saúde mental e evolución declarada de saúde”*. Esta ferramenta está estandarizada e validada en España. (39)
  - **Cuestionario para a Análise da Fatiga Laboral, Mental e Psíquica (SOFI-SM):** empregarase a adaptación ao español desta escala para determinar a fatiga laboral. O cuestionario está composto por 8 ítems que se establecen en 6 dimensións: *“falta de enerxía, cansazo físico, desconforte físico, falta de motivación, somnolencia e irritabilidade”*. Está validado en España, cun nivel de fiabilidade satisfactorio (30,40).
  - **Escala de puntuación WEIS:** este cuestionario numérico pertence á “Escala do Impacto Ambiental para o Traballo (WEIS) versión 2.0”, a cal se enmarca no Modelo de Ocupación Humana (MOHO). Esta ferramenta combina a entrevista semi-estruturada e a escala de puntuación. No proxecto só se empregará esta última parte, posto que permite cuantificar os datos relacionados co impacto do traballo na vida diaria. A WEIS organízase en 17 ítems que fan referencia ós seguintes factores ambientais: *“demandas de tempo, demandas das tarefas, atracción polas tarefas laborais, horario de traballo, interacción entre compañeiras do traballo, pertenza a un grupo de traballo, interacción co supervisor, estándares do rol laboral, estilo do rol laboral, interacción con outros, gratificacións, calidades sensoriais ambientais, arquitectura/disposición física do ambiente, ambiente:*



*clima/humor, propiedades dos obxectos, lugares complementarios, significado ou sentido dos obxectos ou produtos”.*

A escala de puntuación está estandarizada (41).

- Enfoque cualitativo: realizaranse entrevistas semi-estruturadas e individuais de maneira presencial. As entrevistas serán gravadas, co consentimento previo das participantes. Unha vez transcritas e anonimizadas as respostas, serán analizadas mediante a triangulación de datos. Tras isto, eliminaranse tanto as gravacións como as transcripcións. O guión da entrevista está baseado na combinación da “Escala do Impacto Ambiental para o Traballo (WEIS) versión 2.0”, e da “Entrevista do Rol do Traballador (WRI) versión 10.0”. Ambas pertencen ao Modelo de Ocupación Humana (Anexo V) (41,42).

Decidiuse incorporar preguntas de ambas ferramentas para axilizar o proceso da entrevista, así como para ampliar a información sobre a percepción sobre o traballo e a vida diaria de cada unha das participantes.

#### 5.8. Análise dos resultados:

A análise das variables realizarase a través dos programas estatísticos IBM SPSS v.20 e EPIDAT 3.1.

En primeiro lugar, para a análise dos datos cuantitativos seguirase unha análise descritiva, as variables expresaranse mediante a media e a mediana. No caso das variables cualitativas mediante un enfoque fenomenolóxico, establecerase o valor absoluto e a porcentaxe válida estimando un intervalo de confianza do 95%.

En segundo lugar, en canto á asociación entre variables cuantitativas, será preciso empregar o Coeficiente de Spearman ou de Pearson, segundo sexa preciso. Para determinar as correlacións entre as variables cualitativas realizarase a proba Chi-cadrado. Para a diferenza de medias entre variables cualitativas e cuantitativas aplicaranse as seguintes probas non paramétricas: comprobarase a normalidade mediante a proba de Kolmogorov-Smirnov, para posteriormente aplicar a proba T de Student ou o Test de Mann-Withney segundo corresponda. Realizarase a Análise da Varianza ou ANOVA para a comparación múltiple de medias.

Neste proxecto de investigación realizouse un Pre-test con dúas mulleres traballadoras en empresas conserveiras. Os seus datos foron codificados mediante un código numérico para manter a confidencialidade dos datos (Anexo VI).

Tal e como se mostra no Anexo, a pesar de que a mostra do Pre-Test foi reducida, a visión mixta permitiu identificar certas incongruencias entre as puntuacións das escalas e o discurso das mulleres. Ademais, tamén permitiu verificar a necesidade de afondar sobre esta temática, incorporando a perspectiva de Terapia Ocupacional para diminuír o impacto que o entorno de traballo ten sobre o desempeño laboral e a vida cotiá.

#### 5.9. Posición da investigadora:

A investigadora é natural da comarca do Barbanza. Dada a proximidade da súa contorna persoal co ámbito da industria conserveira, coñece experiencias de mulleres que traballan no sector e que experimentan dificultades derivadas do traballo na súa vida diaria e saúde.

#### 5.10. Rigor metodolóxico:

Co fin de asegurar rigor metodolóxico durante o estudo, e a calidade dos resultados obtidos, a investigación seguirá os seguintes criterios:

- Credibilidade e validez interna: As entrevistas serán transcritas textualmente, para evitar sesgos, e realizarase unha análise de triangulación de datos, contrastando a información dende diferentes fontes.
- Transferibilidade ou aplicabilidade: detallarase a mostra das mulleres que compoñen a mostra así como o ambiente. Deste xeito asegurase o traslado dos resultados a outros contextos ou suxeitos.
- Consistencia ou fiabilidade: describiranse rigorosamente os procedementos levados a cabo durante todo o estudo.
- Confirmabilidade e obxectividade: a investigadora comprométese a manter a obxectividade e neutralidade ao longo de todo o proceso, minimizando os sesgos (36).

#### 5.11. Aplicabilidade do estudo:

O presente proxecto de investigación pretende analizar a calidade de vida e a saúde laboral das mulleres traballadoras en conserveiras. Así, preténdese identificar as barreiras e facilitadores presentes tanto na contorna de traballo como na vida diaria das participantes de xeito que se promocióne unha mellora no benestar biopsicosocial.

Engadido a isto, existe unha escasa evidencia científica do rol da Terapia Ocupacional neste ámbito. Polo que esta investigación permitiría propoñer melloras nas conserveiras dende unha mirada ocupacional, así como dar unha maior visibilidade á disciplina.

6. Plan de Traballo:

Táboa 3: Calendario de Traballo do Proxecto

	2020						2021					Xuñ.
	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Ab.	Mai.	
Procura e revisión bibliográfica												
Deseño do proxecto												
Entrada ao campo e selección de informantes												
Recollida de datos												
Análise de datos												
Elaboración informe de investigación												
Difusión dos resultados												

## 7. Aspectos éticos:

Presentarase o proxecto ao “Comité de Ética da Investigación e da Docencia da UDC”, para a súa aprobación (37).

As mulleres interesadas en participar no estudo recibirán unha folla informativa (Anexo II), que deberán ler antes de decidir, de maneira voluntaria, formar parte del. Así mesmo, deberán ler e firmar un consentimento informado (Anexo III).

A protección e tratamento dos datos persoais das participantes no estudo realizarase segundo a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais, así como o Regulamento (UE) 2016-679 do Parlamento Europeo e do Consello (43,44).

Así mesmo, asegurase o cumprimento dos aspectos éticos recollidos pola Asociación Médica Mundial (AMM), na Declaración de Helsinki (45).

## 8. Plan de difusión dos resultados:

Trala obtención dos resultados do estudo, e a elaboración dun informe de investigación, estes serán difundidos.

A pesar de que o proxecto se centra na comarca do Barbanza, considerase que o estudo é de interese a nivel do territorio galego e nacional, posto que existen industrias manufactureiras, e conserveiras, en toda España. Dado que varias empresas conserveiras da comarca teñen sedes en América, e existen países con un alto nivel de produtividade no sector conserveiro a nivel mundial, valorase a difusión a nivel internacional.

Ademais, o proxecto non só se considera relevante para a disciplina de Terapia Ocupacional, senón tamén para os propietarios das empresas conserveira e outras profesións do ámbito sanitario e sociosanitario: psicoloxía, fisioterapia, enfermaría, medicina.

### 8.1. Revistas:

Para a selección das revistas nacionais, tívose en conta a visibilidade do artigo entre os Terapeutas Ocupacionais españois. No caso das revistas internacionais, realizouse segundo o cuartil e o factor de impacto. Tanto para as

nacionais como para as internacionais tívoise en conta a súa adecuación ante o tema de estudo.

**Nacionais:**

- Revista electrónica e Terapia Ocupacional en Galicia (TOG).
- Revista da Asociación Profesional Española de Terapeutas Ocupacionais (APETO).

**Internacionais:**

- Occupational Therapy International: Q4; factor de impacto 0,709 (ano 2020).
- British Journal of Occupational Therapy: Q4; factor de impacto 0,96 (ano 2020).
- Australian Occupational Therapy Journal: Q4; factor de impacto 1,055 (ano 2020).
- Scandiavian Journal of Occupational Therapy: Q3; factor de impacto 1,347 (ano 2020).
- Canadian Journal of Occupational Therapy: Q4; factor de impacto 0,966 (ano 2020).
- Journal of Occupational Health: Q2; factor de impacto 2,289 (ano 2020).

**8.2. Congresos:**

Os resultados da investigación expoñeranse nos seguintes congresos:

**Nacionais:**

- XXI Congreso Nacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional (CENTO): programado para o ano 2021 en Granada (Andalucía).
- X Congreso Internacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional (CIETO): pendiente de confirmación da data a causa do COVID-19.
- VI Congreso Internacional de Terapia Ocupacional (CITO): pendiente de confirmación da data a causa do COVID-19.

**Internacionais:**

- II COTEC-ENOTHE Congress 2021: do 15 ao 18 de setembro do ano 2021 en Praga (República Checa).

- XVII WFOT (World Federation of Occupational Therapists) Congress: do 27 ao 30 de marzo de 2022 en París (Francia).
- Occupational Science Europe (OSE) Conference: ano 2021, pendiente de confirmación da localización.
- XXXIII International Congress on Occupational Health (ICOH): do 6 ao 1 de febreiro de 2022 en Melbourne (Australia).

## 9. Financiación da investigación:

### 9.1. Recursos necesarios:

Táboa 4: Presuposto Estimado do Proxecto

	<b>Recursos necesarios</b>	<b>Coste</b>
<b>Recursos Humanos</b>	Traductor/ora para a publicación do artigo en inglés	500€
	Terapeuta Ocupacional como investigadora (contrato a tempo parcial 20h/semana durante 4 meses)	9.320,13€
<b>Material Funxible</b>	Paquete de 500 folios DIN A4	8€
	Fotocopias	30€
<b>Material Inventariable</b>	Gravadora de voz	32€
	Disco duro	35€
<b>Difusión dos Resultados</b>	Taxas de publicación en revistas (Open Access)	2.500€
	Inscripcións a congresos	500€
	Desprazamentos, aloxamentos e dietas	1.500€
<b>5% de perdas: 721,26€</b>		
<b>Presuposto total estimado do proxecto: 15.146,39€</b>		

## 9.2. Fontes de financiación:

### **Fontes de financiación de carácter público:**

- Deputación de A Coruña: Bolsas de Investigación, Educación, Cultura e Deporte: axuda cun importe de 8.000€ destinada á realización dun traballo de investigación para persoas da provincia de A Coruña. Área de Estudos de Xénero ou área de Ciencias da Saúde. Para a solicitude da axuda, o traballo encadraríase dentro da área de ciencias da saúde ou da área de estudos de xénero.

### **Fontes de financiación de carácter privado:**

- XIV Convocatoria de Becas I+D en Prevención de Riscos Laborais (Fundación PREVENT): bolsa de contía mínima 8.000€ e máxima de 12.000€. Ten como obxectivo promover a realización de proxectos de investigación relacionados coa innovación e o desenvolvemento en canto á saúde laboral.
- Convocatoria de Axudas a Proxectos de Investigación, COPTOEX (Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Estremadura): cunha financiación de 1.500€, esta axuda pretende potenciar a investigación en Terapia Ocupacional. Ofértanse dúas axudas, unha para as persoas colexiadas en COPTOEX, e outra pública.
- Beca Dra. Silvia Sanz Victoria de Investigación en Terapia Ocupacional (Escola Universitaria de Enfermería e Terapia Ocupacional de Terrasa): bolsa de 1.500€ para o fomento da investigación e o desenvolvemento da Terapia Ocupacional.
- Axudas de Investigación de Ignacio H. De Larramendi (Fundación MAPHRE): axuda de 30.000€ como máximo e de un ano de duración, para a realización de proxectos de investigación sobre a promoción da saúde.



## 10. Bibliografía:

1. Club Amigos de las conservas de pescado y marisco. Las Conservas [Internet]. Catalalata. [citado 26 de agosto de 2020]. Disponible en: <http://www.clubamigosdelasconservasdepescado.com/las-conservas/>
2. Maneiro ET. «A conserva»: condicións sociolaborais e construción de identidade dos traballadores das industrias conserveiras na Comarca da Barbanza [Internet]. Repositorio institucional da UDC. 2017 [citado 26 de agosto de 2020] Disponible en: <http://hdl.handle.net/2183/22274>.
3. Sampedro AMP. Merquemnos como galegos!: Estudio sobre a representación da galegidade a través dos anuncios de Gadis [Internet]. Repositorio institucional da UDC. 2020 [citado 26 de agosto de 2020] Disponible en: <http://hdl.handle.net/2183/26051>
4. Domínguez JS. Perspectiva de xénero no desempeño ocupacional das mulleres redeiras [Internet]. Repositorio institucional da UDC. 2018 [citado 26 de agosto de 2020] Disponible en: <http://hdl.handle.net/2183/20853>.
5. Instituto Nacional de Estadística. Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-2009) [Internet]. 29/06/2017 [citado 26 de agosto de 2020]. Disponible en: [https://www.ine.es/daco/daco42/clasificaciones/cnae09/notasex\\_cnae\\_09.pdf](https://www.ine.es/daco/daco42/clasificaciones/cnae09/notasex_cnae_09.pdf)
6. ANFACO-CECOPECA. Clúster Mar-Alimentario [Internet]. 06/03/2020 [citado 26 de agosto de 2020]. Disponible en: <http://www.anfaco.es/fotos/biblioteca/docs/sector/Datos%20sector%202019.pdf>
7. ANFACO-CECOPECA. La Industria Conservera Gallega de Productos de la Pesca y de la Acuicultura, Clave para el Desarrollo Social y Económico de Galicia. Revista Industria Conservera [Internet]. 2018 [citado 26 de agosto de 2020]. (128) Disponible en: [https://issuu.com/anfacocecopescas/docs/revista\\_128\\_septiembre](https://issuu.com/anfacocecopescas/docs/revista_128_septiembre)
8. Vidal MR. Teorías del Desarrollo Regional y Local [Internet]. Repositorio institucional da UDC. 2017 [citado 26 de agosto de 2020] Disponible en: <http://hdl.handle.net/2183/19764>

9. IGE. Instituto Galego de Estatística [Internet]. [citado 26 de agosto de 2020]. Disponible en: <https://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>
10. Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados. ANFACO-CECOPECA [Internet]. Quienes somos. Vigo: [citado 4 de septiembre de 2020]. Disponible en: <http://www.anfaco.es/es/categorias.php?var1=Quienes%20Somos&nar1=834&var2=Quienes%20Somos&nar2=834&vez=1&metatitle=>
11. ANFACO-CECOPECA. Avances en Materia de Igualdad en el Sector Conservero [Internet]. Ministerio de Cultura, Pesca y Alimentación. 14/05/2020 [citado 27 de agosto de 2020]. Disponible en: [https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/red-mujeres/presentacionanfaco\\_tcm30-435546.pdf](https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/red-mujeres/presentacionanfaco_tcm30-435546.pdf)
12. Gómez Bueno C. Mujeres y trabajo: principales ejes de análisis. PAPERS Revista de Sociología [Internet]. 01/01/2001 [citado 27 de agosto de 2020];63:123. Disponible en: <http://papers.uab.cat/article/view/v63-64-gomez>
13. González AP. Conciliación Familiar Y Desigualdad De Género [Internet]. Repositorio institucional da UDC. 23/10/2015 [citado 26 de agosto de 2020] Disponible en: <http://hdl.handle.net/2183/15414>
14. Grupo Calvo. Mujer [Internet]. Conservas Redsostal. 07/02/2019 [citado 27 de agosto de 2020]. Disponible en: <http://www.redsostal.es/Grupo-Calvo-papel-industria-conservera-mujer-Redsostal>
15. Unión Sindical Obrera. USO Denuncia Que 80% De Trabajadoras De Calvo Sufre Brecha Salarial [Internet]. 2020 [citado 27 de agosto de 2020]. Disponible en: <https://www.uso.es/uso-denuncia-que-trabajadoras-de-conservas-calvo-sufre-brecha-salarial/>
16. Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Resolución de 11 de enero de 2017, de la Dirección General de Empleo, por la que se registra y publica el Convenio colectivo del sector de conservas, semiconservas y salazones de pescado y marisco. Boletín Oficial del Estado [Internet]. Madrid: 11/01/2020 [citado 27 de agosto de 2020]. Disponible en: <https://industria.ccoo.es/c5a392fefaf04d8de970b324ac2af16b6000060.pdf>

17. Organización Mundial de la Salud. Género [Internet]. WHO. World Health Organization; [citado 28 de agosto de 2020]. Disponible en: <http://www.who.int/topics/gender/es/>
18. Organización Mundial de la Salud. Determinantes sociales de la salud [Internet]. WHO. World Health Organization; [citado 28 de agosto de 2020]. Disponible en: [https://www.who.int/social\\_determinants/es/](https://www.who.int/social_determinants/es/)
19. Organización Mundial de la Salud. Género, salud y Objetivos de Desarrollo Sostenible [Internet]. WHO. World Health Organization; [citado 28 de agosto de 2020]. Disponible en: <http://www.who.int/gender-equity-rights/news/gender-health-sdgs/es/>
20. Organización de las Naciones Unidas. Objetivos y metas de desarrollo sostenible [Internet]. Desarrollo Sostenible. 25/09/2015 [citado 28 de agosto de 2020]. Disponible en: <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/sustainable-development-goals/>
21. Algado SS. Una Terapia Ocupacional Desde Un Paradigma Crítico. TOG (A Coruña) [Revista en Internet]. 2015 [citado 28 de agosto de 2020]; monog. 7: [25-40]. Disponible en: <http://www.revistatog.com/mono/num7/critico.pdf>
22. Muñoz CGM. La labor de la terapia ocupacional en el marco de los determinantes sociales de la salud en Chile [Internet]. Revista Chilena de Terapia Ocupacional. 31 de julio de 2014 [citado 28 de agosto de 2020];14(1):pág. [73-80]. Disponible en: <https://revistaterapiaocupacional.uchile.cl/index.php/RTO/article/view/32391>
23. Gómez ME. Un Recorrido Histórico del Concepto de Salud y Calidad de Vida a través de los Documentos de la OMS. TOG (A Coruña) [Revista en Internet]. 2009 [citado 29 de agosto de 2020]; 6(9): [10 p.]. Disponible en: <http://www.revistatog.es/num9/pdfs/original2.pdf>
24. Martínez AR. Análisis del rol e implementación de la Terapia Ocupacional en las mutuas. [Internet]. Repositorio institucional da UDC. 09/2017 [citado 26 de agosto de 2020] Disponible en: <http://hdl.handle.net/2183/19486>
25. Kielhofner G. Terapia ocupacional. Modelo de Ocupación Humana. Teoría y aplicación. Ed. Médica Panamericana; 2004. 664 p.

26. Algado SS. El Modelo Canadiense Del Desempeño Ocupacional. Una Terapia Ocupacional Desde Un Paradigma Crítico. TOG (A Coruña) [Revista en Internet]. 2006 [citado 28 de agosto de 2020]; 3: [27 p.]. Disponible en: <http://www.revistatog.es/num3/pdfs/Expertol.pdf>
27. American Journal of Occupational Therapy. Occupational Therapy Practice Framework: Domain and Process (3<sup>rd</sup> Edition) [Internet]. 2017 [citado 29 de agosto de 2020]; 68: [1-48]. Disponible en: <https://ajot.aota.org/article.aspx?articleid=1860439>
28. Organización de las Naciones Unidas. La Declaración Universal de Derechos Humanos [Internet]. 2015 [citado 29 de agosto de 2020]. Disponible en: <https://www.un.org/es/universal-declaration-human-rights/>
29. World Federation of Occupational Therapists. Position Statement: Occupational Therapy and Human Rights. [Internet]. 2019 [citado 29 de agosto de 2020]. Disponible en: <https://www.wfot.org/resources/occupational-therapy-and-human-rights>
30. Cárdenas S et al. SOFI-SM: Cuestionario Para El Análisis De La Fatiga Laboral Física, Mental Y Psíquica. 2008 [citado 29 de agosto de 2020]. Disponible en: <http://rabida.uhu.es/dspace/bitstream/handle/10272/3420/b15756543.pdf?sequence=1>
31. Barro D et al. Job Characteristics And Musculoskeletal Pain Among Shift Workers Of A Poultry Processing Plant In Southern Brazil. Journal of Occupational Health [Internet]. 09/2015 [citado 29 de agosto de 2020];57(5):448-56. Disponible en: <https://onlinelibrary.wiley.com/doi/abs/10.1539/joh.14-0201-OA>
32. ANFACO-CECOPECA. Jornada Técnica sobre Prevención de Riesgos Laborales en la Industria Conservera. Revista Industria Conservera [Internet]. 2018 [citado 29 de agosto de 2020]; (122) Disponible en: [https://issuu.com/anfacocecopescas/docs/conservera\\_122](https://issuu.com/anfacocecopescas/docs/conservera_122)
33. Leigh JP. Economic Burden of Occupational Injury and Illness in the United States: U.S. Economic Burden of Occupational Injury and Illness. Milbank Q

[Internet]. 12/2011 [citado 29 de agosto de 2020];89(4):728-72. Disponible en: <http://doi.wiley.com/10.1111/j.1468-0009.2011.00648.x>

34. World Federation of Occupational Therapists. Occupational Therapy in Work-related Practice. [Internet]. 2016 [citado 29 de agosto de 2020]. Disponible en: <https://www.wfot.org/resources/occupational-therapy-and-human-rights>

35. Organización Internacional del Trabajo. Alimentación; bebidas; tabaco [Internet]. [citado 26 de agosto de 2020]. Disponible en: <https://www.ilo.org/global/industries-and-sectors/food-drink-tobacco/lang-es/index.htm>

36. Álvarez CAM. Metodología De La Investigación Cuantitativa Y Cualitativa Guía Didáctica [Internet]. 2011 [citado 26 de agosto de 2020]. Disponible en: [http://www.congreso enfermeria.es/2016/sites/default/files/styles/monjecarlosarturo-guiadidacticametodologiadelainvestigacion\\_1421658502527.pdf](http://www.congreso enfermeria.es/2016/sites/default/files/styles/monjecarlosarturo-guiadidacticametodologiadelainvestigacion_1421658502527.pdf)

37. Comité de Ética da Investigación e a Docencia da UDC [Internet]. [citado 7 de setembro de 2020]. Disponible en: <https://www.udc.es/es/investigacion/etica/>

38. Rodríguez RB et al. Calidad de Vida Relacionada con la Salud en Trabajadoras del Sector Pesquero Usando el Cuestionario SF-36 [Internet]. 2013 [citado 26 de agosto de 2020].; 27(5) [418-424]. Disponible en: <https://doi.org/10.1016/j.gaceta.2013.01.011Get>

39. Alonso J et al. Cuestionario de Salud SF36 (Versión 2). IMIM [Internet]. 2003 [citado 2 de setembro de 2020]. Disponible en: [http://www.ser.es/wp-content/uploads/2015/03/SF36\\_CUESTIONARIOpdf.pdf](http://www.ser.es/wp-content/uploads/2015/03/SF36_CUESTIONARIOpdf.pdf)

40. Swedish Occupational Fatigue Inventory-Spanish Modified Version. (4p.).

41. Corner MR, Kielhofner G. Escala de Impacto Ambiental para el Trabajo (WEIS) Versión 2.0. Modelo de Ocupación Humana. 1998. [52 p.].

42. Braveman B et al. Entrevista Rol del Trabajador (WRI) Versión 10.0. Modelo de Ocupación Humana. 1998 [52 p.].

43. Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales. Boletín Oficial del Estado; nº

294; 06/12/2018. [Citado 2 de setembro de 2020]. Disponível em: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2018/12/05/3/con>

44. Reglamento Europeo 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de esos datos. Diario Oficial de la Unión Europea; nº 119; 04/05/2016. [Citado 2 de setembro de 2020]. Disponível em: <https://www.boe.es/doue/2016/119/L00001-00088.pdf>

45. Asociación Médica Mundial. Declaración de Helsinki de la AMM – Principios éticos para las investigaciones médicas en seres humanos [Internet]. 2017 [Citado 21 de xuño de 2020]. Disponível em: <https://www.wma.net/es/polices-post/declaracion-de-helsinki-de-laamm-principios-eticos-para-las-investigaciones-medicas-en-sereshumanos/>

11. Anexos:

11.1. Anexo I: Estratexia de Búsqueda Bibliográfica

Táboa 5: Estratexia de Búsqueda Bibliográfica

Base de datos	Palabras chave	Resultados	Artigos seleccionados
<b>WoS</b>	("Occupational Diseases" OR "Occupational Risks" OR "Work Fatigue") AND (Canning* OR "Food-Processing Industry" OR Manufacturing Industry) AND ("Quality of Life" OR "Health Related Quality of Live") AND wom?n	4	1
<b>Scopus</b>	("Occupational Diseases" OR "Occupational Risks" OR "Work Fatigue") AND (Canning* OR "Food-Processing Industry" OR Manufacturing Industry) AND ("Quality of Life" OR "Health Related Quality of Live") AND wom?n	2	1
<b>Pubmed</b>	("Occupational Diseases" OR "Occupational Risks" OR "Work Fatigue") AND (Canning* OR "Food-Processing Industry" OR Manufacturing Industry) AND ("Quality of Life" OR "Health Related Quality of Live") AND wom?n	0	0
<b>Cinahl</b>	("Occupational Diseases" OR "Occupational Risks" OR "Work Fatigue") AND (Canning* OR "Food-Processing Industry" OR Manufacturing Industry) AND ("Quality of Life" OR "Health Related Quality of Live") AND wom?n	0	0

## 11.2. Anexo II: Folla de Información.

### **FOLLA DE INFORMACIÓN ÁS PARTICIPANTES ADULTAS**

**TÍTULO DO ESTUDO:** Análise da situación de saúde laboral e calidade de vida das mulleres conserveiras da comarca do Barbanza: Que pode aportar a Terapia Ocupacional?

**INVESTIGADORA:** NEREA TEIRA BUSTELO

**CENTRO:** UNIVERSIDADE DA CORUÑA. Facultade Ciencias da Saúde.

Este documento ten por obxecto ofrecerlle información sobre un estudo de investigación no que se lle invita a participar.

Si decide participar no mesmo, debe recibir información personalizada do investigador, **ler antes este documento** e facer tódalas preguntas que precise para comprender os detalles sobre o mesmo. Se así o desexa pode levar o documento, consúltalo con outras persoas e tomar o tempo necesario para decidir se participa ou non.

A participación neste estudo é completamente **voluntaria**. Vostede pode decidir non participar ou, se acepta facelo, cambiar de parecer retirando o consentimento en calquera momento sen dar explicacións.

#### **Cal é o propósito do estudo?**

Este estudo ten como propósito principal determinar a calidade de vida relacionada coa saúde das mulleres traballadoras sobre os riscos laborais e como estes inflúen no desempeño laboral e no desempeño das actividades da vida diaria.

#### **Por que me ofrecen participar a min?**

Vostede é invitada a participar no estudo dado que é traballadora nunha empresa conserveira do Barbanza, ademais de cumprir cos criterios de inclusión: traballar nunha empresa conserveira da comarca de O Barbanza e levar traballando na empresa un período de 6 meses como mínimo.

#### **En que consiste a miña participación?**

A súa participación consistirá na realización dunha entrevista individual e semi-estruturada na que se lle realizarán preguntas de interese para o estudo acerca da súa perspectiva sobre o desempeño no traballo no día a día. Ademais, administraráselle tres escalas de corta duración (SF-36, o formulario de puntuación da WRI e a escala SOFI-SM). Distas escalas permitirán a obtención



de datos sobre a súa calidade de vida, a identificación de posibles barreiras no entorno de traballo e o nivel de fatiga asociado á actividade laboral.

A entrevista será gravada en todo momento, sempre e cando vostede o permita, e ao rematar será gardada de maneira confidencial e codificada, para que só a investigadora poida acceder a ela.

Pode existir a posibilidade de realizar un segundo encontro posteriormente no que se realicen preguntas para aclarar algunha información obtida ou coñecer outra nova que poida ser de interese.. A duración estimada de cada entrevista será de 45 minutos, aproximadamente.

### **Que molestias e impedimentos ten a miña participación?**

A súa participación no estudo non supón ningún tipo de risco, pero será en total, coa aplicación dos cuestionarios e a realización das entrevistas, durará 1 hora e 30 minutos.

### **Obtereire algún beneficio por participar?**

Non se espera que vostede obteña beneficio directo por participar no estudo. A investigación pretende descubrir aspectos descoñecidos ou pouco claros sobre o tema. Esta información poderá ser de utilidade nun futuro para outras persoas, posto que permitirá identificar as barreiras e facilitadores presentes tanto na contorna de traballo como na vida diaria e promover unha mellora no benestar biopsicosocial

### **Recibireire información que se obteña do estudo?**

Se vostede o desexa pódesele facilitar un resumo dos resultados do estudo.

### **Publicaranse os resultados deste estudo?**

Os resultados deste estudo serán remitidos a publicacións científicas para a súa difusión, pero non se transmitirá ningún dato que poida levar a identificación dos participantes.

### **Información referente aos seus datos:**

A obtención, tratamento, conservación, comunicación e cesión dos seus datos realizarase conforme ao disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos (Regulamento UE 2016-679 do Parlamento europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016) e a normativa española sobre protección de datos de carácter persoal vixente.

A institución na que se desenvolve esta investigación é a responsable do tratamento dos seus datos.

Os datos necesarios para levar a cabo este estudo serán recollidos e conservados de modo:

- Seudonimizados (Codificación): aseudonimización é o tratamento de datos persoais de maneira tal que non poidan atribuírse a un/unha interesado/a sen que se use información adicional. Neste estudo soamente o equipo investigador coñecerá o código que permitirá saber a súa identidade.

A normativa que regula o tratamento de datos de persoas, outórgalles o dereito a acceder ós seus datos, opoñerse, corríxilos, cancelalos, limitar o seu tratamento, restrinxir ou solicitar a supresión dos mesmos. Tamén pode solicitar unha copia destes ou que esta sexa remitida a un terceiro (dereito de portabilidade).

Para exercer estes dereitos vostede pode dirixirse á investigadora principal deste estudo no correo electrónico: [nxxxxxxxxxxxxxxxxx@gmail.com](mailto:nxxxxxxxxxxxxxxxxx@gmail.com) e/ou 6XXXXXXX2.

Así mesmo, vostede ten dereito a interpor unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, cando considere que algún dos seus dereitos non fora respectado.

Unicamente o equipo investigador e as autoridades sanitarias, que teñen o deber de gardar a confidencialidade, terán acceso a tódolos datos recollidos polo estudo. Poderase transmitir a terceiros información que non poida ser identificada. No caso de que algunha información se transmita a outros países, realizarase con un nivel de protección de datos equivalente, como mínimo, ao establecido pola normativa española e europea.

Ao finalzalo estudo, ou o prazo legal establecido, os datos recollidos serán eliminados ou gardados anónimos para o seu uso en futuras investigacións segundo o que vostede escolla na folla de firma do consentimento.

*Análise da situación de saúde laboral e calidade de vida das mulleres traballadoras en conserveiras da comarca do Barbanza: Que pode aportar a Terapia Ocupacional?*

**Como contactar o equipo investigador deste estudo?**

Vostede pode contactar con Nerea Teira Bustelo no teléfono 6XXXXXXX2 ou no correo electrónico [nxxxxxxxxxxxxxxxxx@gmail.com](mailto:nxxxxxxxxxxxxxxxxx@gmail.com).

**Moitas grazas pola súa colaboración**

### 11.3. Anexo III: Consentimento Informado

#### **DOCUMENTO DE CONSENTIMENTO PARA A PARTICIPACIÓN NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN**

Título do estudo: Análise da situación de saúde laboral e calidade de vida das mulleres conserveiras da comarca do Barbanza: Que pode aportar a Terapia Ocupacional?

Eu, .....

- Lin a folla de información ó participante arriba mencionado que se me entregou, puiden conversar con: Nerea Teira Bustelo e facer todas as preguntas sobre o estudo.
- Comprendo que a miña participación é voluntaria e que podo retirarme do estudo cando queira, sen ter que dar explicación.
- Accedo a que se utilicen os meus datos nas condicións detalladas na folla de información ó participante.
- Presto libremente a miña conformidade para participar neste estudo.

Ao rematar este estudo acepto que os meus datos sexan:

- Eliminados
- Conservados anonimizados para futuros usos en outras investigacións

Fdo.: A investigadora que solicita o consentimento

Nome e Apelidos:

Nome e Apelidos: Nerea Teira Bustelo

Data:

Data:

11.4. Anexo IV: Documento Ad-Hoc para a recollida os datos Sociodemográficos:

Táboa 6: Documento Ad-Hoc

<b>Código</b>					
<b>Idade</b>					
<b>Nacionalidade</b>					
<b>Lugar de residencia</b>					
<b>Estado civil (Marcar con X)</b>	Solteira	Casada	Viúva	Separada	Outro (especificar)
<b>Con quen vive? (Marcar con X)</b>	Soa	En parella	Coa familia (especificar parentesco)	Outro (especificar)	
<b>En caso de ter fillos, cantos ten?</b>					
<b>Nivel educativo acadado</b>					
<b>Tempo traballados na empresa</b>	Anos e meses				

## 11.5. Anexo V: Guión da Entrevista

### **Preguntas sobre o traballo:**

1. Que posto ocupa na conserveira?
2. Pode describir a súa xornada laboral? (Número de horas, tipo de xornada, horarios nocturnos, traballar nas fins de semana)
3. En que consiste o seu traballo? Gústalle? Traballa soa ou en equipo?
4. Se traballa en quipo, como e a relación? Tanto con compañeiras como con supervisoras e demais persoal da empresa.
5. Describa un día típico no traballo. Empece dende o momento no que chega ata que se marcha para a casa.
6. Que demandas físicas ou intelectuais require o seu posto laboral?
7. En que grado pode vostede tomar decisións ou facer suxerencias sobre o modo no que se realiza un traballo?
8. Se fixo algunha vez algunha suxerencia para mellorar ou cambiar a súa situación laboral, como foi a resposta?
9. Con canta frecuencia ten vostede un recreo? Considera que estes son suficientes?
10. Canto tempo de vacacións ten? Pode obter permisos por razóns persoais?
11. Que aspectos considera que poden ser modificados no seu ambiente de traballo?
12. Hai algunha condición ambiental nociva ou que interfira co seu traballo? (temperatura, sons, ruído, mal cheiro...)
13. Que modificacións pode facer vostede na súa forma de traballar?
14. Con canta frecuencia realiza a súa empresa actividades formativas? Que tipo de actividades son?
15. Traballou nalgunha outra empresa? Se é así que diferenzas atopa?

### **Preguntas sobre a vida diaria:**

1. Que responsabilidades ten fóra do traballo? Conta con algunha axuda?
2. En ocasións, cando vén do traballo, síntese demasiado cansada para encargarse destas responsabilidades?
3. Ten algunha persoa a cargo? Especifique o tipo de parentesco.
4. Considera que ten suficiente tempo para estar coa familia?

5. Considera que ten suficiente tempo libre e de ocio? Que actividades realiza normalmente? (Facer deporte, ver a televisión, viaxar, ler, afeccións)
6. Que fai para entreterse durante as fins de semana?
7. Considera que ten tempo suficiente para o desfrute persoal?
8. Que aspectos considera que poden favorecer a conciliación entre a súa vida laboral, familiar e persoal?
9. Considera que ten algunha condición de saúde derivada do traballo que dificulte a realización das súas actividades da vida diaria? Especifique de que xeito.

## 11.6. Anexo VI: Pre-Test

### Resultados Cuantitativos:

#### Variables Sociodemográficas:

A mostra está composta por dúas mulleres, ambas viven en Boiro e teñen nacionalidade española. Cada unha delas está casada e vive na casa coa familia, as dúas teñen dous fillos. Unha delas rematou os estudos primarios, mentres que a outra, acadou o ensino secundario obrigatorio. A idade de cada unha é de 62 e de 53 anos, e a idade levan traballando na empresa 32 e 37 anos.

#### Puntuación Cuestionario SF-36:

Táboa 7: Puntuacións Cuestionario SF-36

Conceptos de Saúde	Participante 001	Participante 002	Porcentaxe Media
Función física	65%	85%	75%
Rol Físico	75%	25%	50%
Dor Corporal	57,5%	22,5%	40%
Saúde Xeral	10%	80%	45%
Vitalidade	35%	75%	55%
Función Social	77,5%	100%	88,75%
Rol emocional	100%	100%	100%
Saúde Mental	76%	76%	76%

Nas puntuacións da Participante 001, a dimensión con mellor puntuación e a de rol emocional, cunha puntuación do 100%. A dimensión coa peor puntuación e a de saúde xeral, cunha puntuación de 10%.

Tal e como se pode observar, no caso da Participante 002, as dimensións coa puntuación máis alta son a de función social e a de rol emocional, mentres que a de dor corporal é a que conta coa puntuación máis baixa.

Como se presenta na fila de porcentaxes medias por áreas a área con menor puntuación é a de dor corporal, cun 40%. Pola contra, a área con mellor puntuación é a de rol emocional, co 100%.

#### Puntuación Escala WEIS:



<b>Puntuacións Totais Escala WEIS</b>		
Participante 001	Participante 002	Media
50	56	53

A puntuación mínima desta escala é 17, o que quere dicir que tódolos ítems que avalía interfíren de maneira negativa no desempeño e satisfacción laboral das traballadoras. Pola contra, a máxima puntuación sitúase en 68 puntos, polo que todos os ítems obterían unha puntuación de 4, é dicir, que apoiarían o benestar laboral.

<b>Puntuacións Escala WEIS por ítems</b>			
Ítem	Participante 001	Participante 002	Puntuación Media
<b>Demandas de tempo</b>	2	4	3
<b>Demandas das tarefas</b>	4	2	3
<b>Atracción polas tarefas laborais</b>	4	4	4
<b>Horario de traballo</b>	4	3	3,5
<b>Interacción entre compañeiras do traballo</b>	4	4	4
<b>Pertenza a un grupo de traballo</b>	1	2	1,5
<b>Interacción co supervisor</b>	1	4	2,5
<b>Estándares do rol laboral</b>	3	4	3,5
<b>Estilo do rol laboral</b>	1	3	2
<b>Interacción con outros</b>	2	2	2
<b>Gratificacións</b>	4	3	3,5
<b>Calidades sensoriais ambientais</b>	3	3	3

<b>Arquitectura/ Disposición física do ambiente</b>	3	3	3
<b>Ambiente: clima/humor</b>	4	3	3,5
<b>Propiedades dos obxectos</b>	2	4	3
<b>Lugares complementarios</b>	4	4	4
<b>Significado ou sentido dos obxectos ou produtos</b>	4	4	4

Segundo as puntuacións medias obtidas, o ítem de sentimento de pertenza a un grupo de traballo, ten unha puntuación de 1,5, sendo a máis baixa. Este ítem fai referencia á participación social coas compañeiras fóra do ámbito laboral, polo que este aspecto limita parcialmente o desempeño e o benestar das traballadoras. Relacionando esta puntuación coa obtida en función social do Cuestionario de Saúde SF-36, pódese interpretar que na contorna social máis próxima no día a día das participantes, apenas existe contacto coas compañeiras de traballo, senón que o integran outras persoas.

Pola contra, os ítems coas puntuacións máis baixas son: atracción polas tarefas laborais, interacción coas compañeiras de traballo, lugares complementarios e significado ou sentido dos obxectos ou produtos.

#### **Puntuación Escala SOFI-SM:**

- Participante 001:17,7- nivel aceptable
- Participante 002: 5,34-nivel aceptable

A puntuación media da Escala SOFI-SM é de 11,52, puntuación que se sitúa nun nivel aceptable de fatiga laboral.

#### **Resultados Cualitativos:**

Trala análise das entrevistas realizadas, pódense extraer as seguintes temáticas, das cales algunhas forman parte da síntese de resultados da WEIS:

## Desempeño laboral:

### - Xornada laboral:

No momento no que se lles pregunta ás entrevistadas sobre a súa xornada laboral, a participante 001 responde: *“Unha xornada de 8 horas partida. No, non traballo en horarios nocturnos nin en fins de semana”*

Pola contra, a participante 002 engade: *“Para a semana vou de noite. As fins de semana normalmente non se traballan a salvo que haxa algo extra que hai que sacar para adiante, entón...”*

### - Características do traballo:

Cada unha das participantes realiza unha función diferente dentro da conserveira, sen embargo ambas admiten realizar o traballo en equipo. Este traballo en equipo tamén ten un impacto na relación tanto coas compañeiras como cos supervisores. Deste xeito, 001 afirma sobre este tema: *“A relación é bastante boa”*. Igualmente, 002 responde: *“Boa, normalmente boa. Si, sen problema.”*

As diferenzas nos postos laborais teñen un impacto nas demandas físicas e intelectuais que estes requiren.

Así, a participante 001 conta que ocupa o posto de: *“Formadora de VX”*; o cal consiste: *“En darlle servizo para as máquinas que están facendo o produto.”*. Cando se lle pregunta sobre as demandas físicas e intelectuais que este posto require: *“...Claro eu teño que facer sempre o mesmo, todo o ano o mesmo... Alí onde estou eu cárganse moito os ombreiros porque teño que collelos VX e levantar os brazos para arriba... eu o único que fago é cargar moito os ombreiros, a parte de arriba das costas, o pescozo e iso... Moi atenta no, pero hai que mirar que vaia todo ben e que os VX non enganchen... Non é estresante.”*

Cando se lle preguntan esta mesmas cuestións á participante 002, esta responde que ocupa o posto de *“Cerradora... Consiste en moitas cousas. Primeiro supervisar que o empaque vaia ben... un empaque de peixe, un latón...que leve aceite, e poñerlle tapas... que o vapor sexa adecuado, que o aceite teña a súa temperatura e supervisar cerres...”*. Con respecto ás demandas físicas e intelectuais reafirma no seu discurso

a realización de movementos repetitivos levantando pesos, e engade: *“No meu posto hai que estar moi atenta, moi pendente de moitas cousas..”*.

- **Descansos e vacacións:**

Por unha banda, en canto aos descansos durante o horario laboral, a Participante 001 afirma que os descansos cos que contan na empresa son suficientes e explica: *“...nos descansos nada mais que temos 20 minutos para ir ao bocadillo e despois, se tes ganas de ir ao baño, pois tamén vas... vas e vés a correr...”* Sen embargo, 002 suxire: *“O que é o descanso só tes un cuarto de hora durante as 8 horas... Home, eu creo que deberíamos ter, polo menos, dous...Pero está así”*

Por outra banda, con respecto ás vacacións e permisos persoais. 001 explica: *“eu teño un mes de vacacións e despois teño, aparte de que temos pontes...días de redución de xornada...”* Relato que coincide co de 002, quen afirma: *“Temos un mes durante o ano. Si, de feito...temos 8 días persoais, de asuntos propios que podes coller cando os necesites”*

- **Factores ambientais que facilitan o desempeño no traballo:**

Ambas participantes afirman que lles gusta o seu traballo, isto, xuto coa boa relación coas compañeiras, facilita de maneira significativa o desempeño laboral.

Ademais, ambas reflicten que nas ocasións nas que realizaron suxerencias con respecto a situación laboral a resposta foi positiva, pero non sempre as poden facer . Concretamente 001 especifica: *“eu fun ás de riscos para que me cambiaran o posto de traballo porque eu non podía coller peso nin me podía abaixar e min cambiáronme... víronme que eu en realidade que tiña insuficiencia muscular e que había traballos que eu non os podía facer...”*

Outro dos aspectos positivos que destacan é a realización de actividades formativas sobre diferentes temáticas dende a empresa. 001 explica: *“Home nos imos eh... ao mellor unha vez ao ano... tivemos a un fisioterapeuta a dicirnos que antes de empezar a traballar podíamos facer algo de ximnasia...e como nos debíamos de abaixar e todo”*

Sen embargo, mentres que á participante 001 lle parece que os cursos son suficientes, a participante 002 especifica que a cantidade de cursos non sempre é a mesma, senón que varía segundo o ano:

*“Información si que nos dan e fan cursos pero depende, hai veces que ao mellor temos dous ou tres cursos no ano. En cambio hai outros anos que temos un só... facemos cursos de riscos laborais, cursos de manipulación de alimentos... temos cursos de... os de primeiros auxilios, os de evacuación de incendios”*

002 só traballou nesta empresa conserveira. Pola contra, 001 traballou noutra, polo que identifica certas melloras na empresa actual: *“Era conserveira pero eu facía outras cousas que non fago aquí. O trato é mellor nesta, mais eu na outra empresa, eu que sei... Estaba nos conxelados... e doían as mans... E era do frío. E eu claro, eu tamén tiven sorte que eu aquí xa fun para o almacén e nunca estiven a pelar peixe nin nunca estiven no frío...”*

- **Factores ambientais que dificultan o desempeño no traballo:**

Durante a entrevista, ambas participantes comentaron algunhas modificacións que realizarían no ambiente laboral para facilitar o desempeño.

En primeiro lugar, con respecto á distribución dos aseos, a participante 001 comenta que para non andar ás presas e por comodidade, suxire poñer un baño na zona na que traballa: *“xa falamos algunhas veces as compañeiras ...Nós temos moita distancia, desde onde estou eu hasta alá arriba...”*

A mesma participante, que anteriormente afirma que as tarefas laborais requiren movementos repetitivos, tamén suxire o seguinte para diminuír a fatiga laboral: *“eu penso que en algúns sitios debería de cambiar a xente.... Que isto xa están intentando facelo...pero hai sitios nos que aínda ten que mellorar moito iso.”* E cando se lle pregunta sobre que modificacións pode realizar na súa forma de traballar: *“penso que non podería modificar nada...Hai xente que colle de cinco en cinco e ponos, pero eu póñoos de dous en dous... tamén ao final da xornada os ombreiros...”* Tras comentar isto, afirma que se realizara ditas modificacións tardaría moito máis tempo e que non so pode permitir, polo que para diminuír o efecto dos movementos repetitivos sobre a saúde, a única solución que contempla é alternarse con outra persoa.

Sen embargo, a participante 002 que ela non pode realizar ningunha modificación sobre o traballo que realiza, senón que depende doutras persoas: *“Non cabe en min, non. Eu non podería facer nada para estar mellor.”* E tal e como se reflexou no apartado anterior, identifica os descansos como insuficientes, dificultando o seu desempeño laboral e calidade de vida.

En canto ás condicións ambientais nocivas, 001 responde: *“Eu o que mais noto son os ruídos, porque o frío queiras que non pos aínda unha chaqueta e o frío tápalo, pero os ruídos son impresionantes... Eu de feito cada vez noto que perdo máis oído. Danche uns auriculares pequenos, se tes problemas de oído aínda che dan outros máis grandes, pero tamén son máis incómodos... eu aínda que comprei uns adaptados ao meu oído...”*

Con respecto a isto, a participante 002 destaca: *“O calor, máis que nada o calor e o ruído. Para o calor puxéronnos aire acondicionado... Non está como tiña que estar, entón non e o correcto. E o ruído... Temos cascos, ou tapóns, para poñer... Non se está moi a gusto”* Este aspecto non só dificulta o desempeño laboral, senón que impacta sobre calidade de vida e o desempeño na vida diaria, posto que a perda de audición relaciónase coa perda de anos de saúde (33).

002 tamén fai alusión á relación coas compañeiras de traballo, identificando de maneira positiva a relación con estas. Nembargantes, en canto a relación a outros traballadores da conserva afirma: *“Si moitas, cambiaríamos moitas cousas. Empezando pola relación cos mecánicos...”*

Por último, a participante 001 fai outra suxestión relacionada coas accións por parte da empresa para favorecer a conciliación familiar, e baseándose na súa experiencia persoal: *“eu penso que aquí que tiña que haber unha gardería... de onde son eu, non hai garderías que empecen ás 7 da mañá, tan cedo...xa se lle propuxo ás delegadas...Iso xa sería unha marabilla para a xente que ten fillos e todo...”*

## **Equilibrio ocupacional:**

### **- Conciliación da vida familiar, laboral e persoal:**

Por un lado, en canto á vida familiar, 001 expresa que ademais do traballo, conta con responsabilidades relacionadas co coidado dos fillos e coa xestión e coidado do fogar.

Con respecto á mesma temática, a participante 002 identifica á familia como unha das súas principais responsabilidades fóra do traballo. Cando se lle pregunta sobre o tempo que pasa coa familia: *“...si, temos un tempo porque ao estar en quendas tes o outro medio día libre. Non é igual que se foras a xornada partida... pero así si.”*

Por outro lado, en canto á vida persoal, a participante 001 refire: *“Teño unha vida normal...Cando está o meu home o do corta céspede e todo iso xa o fai el pero cando non está tamén o teño que facer eu.”* Así mesmo, indica que conta con suficiente tempo para o desfrute persoal e indica que unha das súas actividades significativas é a xardinaría: *“...ás veces tamén no verán planto plantas, que a min iso tamén me gusta, e podo, gústame ter o xardín curioso e a herba. Eu con iso tamén xa desfruto.”*

No caso da participante 002, cando se lle pregunta sobre as responsabilidades que ten fóra do traballo afirma que é ela quen se encarga das tarefas relacionadas co fogar, afirmando que conta con pouca axuda.

A mesma participante describe que non conta con tempo suficiente para o desfrute persoal, debido ás responsabilidades das que se ocupa. Non obstante, fai mención a unha das súas actividades significativas: *“Se fora algún día libre pois si, ir a dar unha volta a andar, camiñar un pouco...”*

### **- Ocio e tempo libre:**

Debido á importancia que pode ter sobre a conciliación, decidiuse realizar cuestións ás participantes en relación co seu ocio e o tempo libre.

Por unha banda, a participante 001 afirma que conta con suficiente tempo libre e de ocio. Afirma que as actividades relacionadas con esta área son: *“Vou a andar, vou a pilates, vexo a televisión, tamén leo libros...”* E engade sobre o seu tempo libre nas fins de semana e a súa contorna



social: *“Cando a miña filla está na casa imos a andar as dúas polo monte, co can. Ás veces tamén vou á casa de miñas irmáns e máis de miña nai.”*

Por outra banda, cando á participante 002 se lle pregunta sobre se conta con suficiente tempo de ocio e tempo libre: *“non teño ocio nin entretemento”*. Nunha pregunta relacionada con esta temática, afirma: *“No meu tempo libre? Si. Roupa, casa, invernadoiro... Ese é o meu tempo libre día a día... Ganchillo pola noite.”*

- **Condicións de saúde laboral que dificultan o desempeño na vida diaria:**

001 comenta que a idade xunto co cansazo derivado do traballo, ás veces atopa dificultades para levar a cabo as responsabilidades do día a día: *“Eu veño cansada pero e que eu tamén teño 62 anos. Quero dicir que eu cando era máis nova podía facer moitas máis cousas...todo suma... Son oito horas seguidas...”*

Na mesma pregunta, 002 contesta *“Ás veces si, porque vés sumamente cansada pero tes que sacar forzas e seguir co teu día a día.”*

Ademais, tamén se preguntou sobre as condicións de saúde derivadas do traballo que dificultan a vida diaria. Ante esta pregunta, a participante 001 refire a dificultades de saúde pasadas: *“...eu xa cando tiña 23 anos tiven unha operación bastante forte para aquela, da columna... eu cando me empecei a poñer peor, e a notar que eu non podía facer esforzos e non me podía abaixar, foi cando a min me veu a menopausa...”* Dita condición, impacta á hora de realizar certas tarefas laborais, polo que dende a empresa, cambiaron a esta participante de posto de traballo. A pesar disto afirma: *“Hai días que hai traballos bos, pero hai días que non hai traballos tan bos ...eu tamén cargo moito os ombros...Pero uns días vas a uns masaxes, outro día a pilates, outro día uns antiinflamatorios e vou tirando así...”*

Con respecto á mesma pregunta, 002 confirma que conta con condicións de saúde derivadas do traballo: *“Eu teño unha rotura de tendóns de facer esforzos a traballar, tiven roturas de fibras de estar collendo pesos... agora non collemos os pesos que collíamos antes, pero iso quedou aí no corpo... Eu os meus brazos non me responden, están*



*moi deteriorados...*” Así mesmo, identifica que ditas condicións derivan en dificultades para realizar actividades da vida diaria, afectando á súa calidade de vida e ao seu benestar: *Hai días que teño moita dor...e chega un momento en que non dou. Por exemplo, hoxe... non fun capaz de bater 3 ovos á man.*”

#### **Análise dos resultados:**

Trala obtención das puntuacións de cada unha das escalas e a revisión das entrevistas, detéctanse certos aspectos que difiren.

Por un lado, no cuestionario SF-36, os ítems “Función Social” e “Rol Emocional” contan coas puntuacións medias máis altas. Esta cuestión discrepa co discurso dunha das participantes, que afirma que non ten ocio nin entretemento. Isto pode deberse a que no cuestionario non se valora a realización de actividades significativas durante o tempo libre e de ocio. Da mesma forma, faise referencia a aspectos relacionados con dificultades emocionais ou sociais, pero non se contempla o grado de satisfacción e a calidade das relacións e actividades sociais.

Por outro lado, as puntuacións da Escala SOFI-SM indican que o nivel de fatiga laboral é aceptable, polo que non é preciso realizar modificacións sobre o ambiente de traballo. Sen embargo, as participantes afirman que existen factores ambientais nocivos, como o calor ou o ruído, e que teñen condicións físicas derivadas do emprego que lles causan dificultades na vida diaria. Nesta liña, o descurso das traballadoras correspóndese cos resultados obtidos no estudo “*Hearing impairment Among Noise-Exposed Workers- United States, 2003-2012*”, no que se expón o risco de perda de audición en relación co traballo na industria manufactureira. Así mesmo, coincide co estudo “*Job Characteristics and musculoskeletal pain among shift workers of a poultry processing plant in Southern Brazil*”, que pon en manifesto a asociación entre as temperaturas extremas e a dor musculoesquelética (31, 33).

Sen embargo, estes factores tampouco se ven reflectidos na Escala WEIS, posto que no ítem de calidades sensoriais ambientais, ambas participantes outorgáronlle unha puntuación de 3. Dada esta diferenza, pódese

interpretar que a pesar de que perciben ditos factores como nocivos, non consideran que teñan un gran impacto no seu desempeño diario.

Outro aspecto a destacar son as demandas das tarefas das empresas conserveiras. Na escala WEIS, este ítem tivo unha puntuación media de 3, cualificándoo como apoio substancial. Non obstante, ambas participantes coinciden en que as actividades que realizan requiren movementos repetitivos, e ofrecen suxestións para reducir a fatiga laboral e o seu impacto sobre a calidade de vida.

Por último, o discurso das participantes coincide cos resultados da escala SF-36, concretamente nos ítems de rol físico, dor corporal e saúde xeral; os que obtiveron as puntuacións máis baixas. Tal e como afirman ambas participantes, as condicións de saúde derivadas do traballo impactan no seu desempeño cotiá, causando dificultades para realizar as actividades da vida diaria. De novo, ditos resultados coinciden cos do estudo "*Job Characteristics and musculoskeletal pain among shift workers of a poultry processing plant in Southern Brazil*", no cal se demostra unha asociación estadísticamente significativa entre as características do traballo na industria manufactureira e a dor musculoesquelética (31).